




# AS FONTES DO SIL


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 12,5 km

**Dificultade:** alta

**Duración:** 6 horas



Unha ruta sinalizada que nos leva desde La Cueta (Babia-León) ata as abas de pena Orniz, onde se atopan as fontes máis alonxadas, e máis altas, do río Sil. De gran interese xeolóxico e biolóxico e cunhas paisaxes espectaculares.

**COMO CHEGAR:**

Desde Ponferrada imos seguindo a estrada que pasa polas distintas localidades do Sil ata Villablino. Alí collemos cara ao leste ata Pedrafita de Lacia de onde sae un cruce á esquerda que vai ao Porto de Somiedo e La Cueta, punto de partida da ruta.

O camiño pódese comezar na ponte do Sil collendo a primeira rúa á dereita que se achega á marxe do río, crúzase á saída da localidade e séguese río arriba polo camiño marcado con fitos de madeira, nos que hai que fixarse porque están bastante separados e nalgúns puntos podémolos perder. Na subida, pola aba dos Picos Blancos, vemos de fronte a serra de Las Morteras e o porto polo que se pode acceder ao Parque de Somiedo. Cando nos desviamos á dereita, pasamos pola mallada de Covalancho e seguimos ascendendo ata o porto de Cuetalbo, desde onde se ve, á esquerda a Pena Orniz, e á dereita os pasteiros onde se xuntan as augas de varias fontes para formar o primeiro Sil.

A volta podémola pacer polo mesmo camiño ou rodear o val para incorporarse ao camiño de baixada que sobe ao alto de La Cuella (desde onde hai unhas vistas espectaculares) e se segue río abaixo pola outra marxe.

No estrada a Pedrafita de Lacia podemos ver o profundo canón ("Tajo del Sil") que forma o Sil debaixo da ponte das Pombas.

Las Morteras e val do Sil



O Sil no comezo da ruta



Entrada ao Val de Somiedo







Pregues nas calcarias das Chanas.



Tres especies de bolboretas a nun cardo.



Las Morteras.



Val do Sil desde Covalancho.



As nacentes do Sil, ao fondo (á esquerda) Peña Oriz e abaixo a mallada de Cuetalbo.